

MÁSTER EN FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E CIDADANÍA

TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

CURSO 2023/24

*Os límites da sexualidade:
o valor do consentimento na
pornografía*

Autor/a: Lucía Ferro Diz

Titor/a: Yolanda Martínez Suárez

**MÁSTER EN
FILOSOFÍA.
COÑECEMENTO E
CIDADANÍA**
Traballo de fin de Máster

Os límites da sexualidade: o valor do consentimento na pornografía

Los límites de la sexualidad: el valor del consentimiento en la pornografía

The boundaries of sexuality: the value of consent in pornography

Eu, Lucía Ferro Diz, declaro que este Traballo de Fin de Máster cumpre coa normativa de propiedade intelectual e de protección de datos vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo do 2024



Por un mar de estrelas iridiscentes, de cambio, de ruibéns e de alomorfos sociais.

Polas Verbas e a Imaxinación.

Polo poder do *Zeitgeist*.

Para a miña familia e os meus cariños.

Para as miñas amigas e compañeiras que comparten a forza da súa voz.

Porén, agora temos obxectivos definidos: servirémonos da linguaxe para cambiar o mundo (Moure, 2009: 92)¹.

¹ Moure, Teresa (2009). *A Palabra das Fillas de Eva*. Galaxia.

Os límites da sexualidade: o valor do consentimento na pornografía

1. Introducción	8
2. Marco contextual e conceptual	10
2.1. A comercialización do sexo e a industria de explotación sexual	10
2.1.1. Posicións actuais sobre a pornografía: pro ou antiporno	11
2.2. O suxeito moral	13
2.3. O consentimento.....	14
1. Discusión.....	17
1.1. Os límites da sexualidade: o valor do consentimento na pornografía	17
1.2. Os efectos actuais da pornografía.....	25
4. Conclusións	35
Referencias bibliográficas	38

Resumo

A pornografía é un dos novos planos da sociedade que actualmente se sitúa no cumio da economía global e que conseguiu chegar a gran parte da poboación e á súa visión da sexualidade. Debido á súa importancia, o obxectivo deste traballo é analizar esta industria e os seus efectos sobre a sociedade. Máis concretamente, o obxecto de estudo é o valor do consentimento na pornografía *meinstream*.

O consentimento é o principio político que regula o sexo, por iso é determinante facer unha análise de como se describe nun plano tan representativo como o pornográfico. En consecuencia, tamén se estudarán os efectos da pornografía: as consencuencias do consumo de porno nas novas xeracións; o proceso de (auto)obxectualización feminina; o poder do discurso e da linguaxe pornográficas sobre a submisión e o silenciamento das mulleres; a relación entre o consumo de porno *hardcore* e a tolerancia da violencia; e a normalización da violencia sexual.

Así pois, concluírase que na pornografía o consentimento adquire un maior grao de complexidade debido aos diferentes planos nos que se aplica (grabación, participación e publicación) e que existe unha desvalorización do acto de consentir e da vontade do suxeito feminino. Esta análise destacará a relevancia do consentimento, xa que permite a participación das mulleres dentro do contrato social e das relacións de poder, e a importancia de mellorar a representación deste principio político para normalizar o seu uso.

Palabras chave: Pornografía, Consentimento, Desexo, Vontade, Suxeito/Obxecto, Poder, Violencia, Consumo/Mercado.

Abstract

Pornography is one of the new planes of society that is currently at the top of the global economy and that has managed to reach a large part of the world's population and their vision of sexuality. Due to its importance, the aim of this paper is to analyze this industry and its effects on society. More specifically, the object of study is the value of consent in mainstream pornography.

Consent is the political principle that regulates sex, which is why it is crucial to do a study of how it is described on a plane as representative as the pornographic one. Consequently, the effects of pornography will also be studied: the consequences of porn consumption in the new generations; the process of female (self) objectification; the power of pornographic discourse and language over the subjugation and silencing of women; the relationship between hardcore porn consumption and tolerance of violence; and the normalization of sexual violence.

Thus, it can be concluded that pornography or consent acquires a greater degree of complexity due to the different levels to which it is applied (recording, participation and publication) and that there is a devaluation of the act of consent and the vote of female sex. This analysis will highlight the relevance of consent, which allows the participation of women within the social contract and power relations, and the importance of enhancing the representation of this political principle to normalize its use.

Keywords: Pornography, Consent, Desire, Will, Subject/Object, Power, Violence, Consumption/Market.

Resumen

La pornografía es uno de los nuevos planos de la sociedad que actualmente se encuentra en la cima de la economía global y que ha logrado llegar a gran parte de la población y su visión de la sexualidad. Debido a su importancia, el objetivo de este artículo es analizar esta industria y sus efectos en la sociedad. Más específicamente, el objeto de estudio es el valor del consentimiento en la pornografía *meinstream*.

El consentimiento es el principio político que regula el sexo, por lo que resulta crucial hacer un análisis de cómo se describe en un plano tan representativo como el pornográfico. En consecuencia, también se estudiarán los efectos de la pornografía: las consecuencias del consumo de pornografía en las nuevas generaciones; el proceso de (auto) cosificación femenina; el poder del discurso y el lenguaje pornográfico sobre la subyugación y el silenciamiento de las mujeres; la relación entre el consumo de pornografía hardcore y la tolerancia a la violencia; y la normalización de la violencia sexual.

Por tanto, se concluirá que en la pornografía el consentimiento adquiere un mayor grado de complejidad debido a los diferentes planos en los que se aplica (grabación, participación y publicación) y que se produce una desvalorización del acto de consentimiento y de la voluntad del sujeto femenino. Este análisis resaltará la relevancia del consentimiento, ya que permite la participación de las mujeres dentro del contrato social y de las relaciones de poder, y la importancia de mejorar la representación de este principio político para normalizar su uso.

Palabras clave: Pornografía, Consentimiento, Deseo, Voluntad, Sujeto/Objeto, Poder, Violencia, Consumo/Mercado.

1. Introducción

O obxecto de estudo deste traballo é o valor do consentimento na pornografía. Este tema ten tres liñas principais que constrúen o perímetro de análise: a comercialización do erotismo, a pornografía e dentro da “filosofía política” o concepto de consentimento.

Este tema é importante xa que na actualidade pode observarse nos medios reiteradamente os diferentes casos de violencia sexual que cada vez suceden a máis pronta idade. Tamén destaca a cuestión do consentimento nas relacións sexuais como principio político, a definición de agresión sexual e de violación ante a lei e o Estado e a progresiva hipersexualización. Todo isto ocorre baixo o novo escenario do avance tecnolóxico, que fomentou o avance da pornografía a nivel global, converténdose nunha forte industria da economía mundial (Cobo, 2020).

Ademais, a lexitimación da pornografía a través do discurso filosófico do dereito da liberdade individual é un dos puntos principais nos que se apoia toda a teoría da regularización da industria de explotación sexual, polo que deberíamos cuestionar a súa verdadeira natureza dentro do contexto no que se desenvolve: o capitalismo e o neoliberalismo.

O principal obxectivo deste traballo é analizar a relación entre a pornografía como método de educación sexo-afectivo para as novas xeracións e o que se coñece como “cultura da violación” dentro do marco do consentimento sexual. Tamén se pretende observar como se desenvolve o acto de consentir dentro do porno e o seu efecto na sociedade. Outros puntos a analizar en relación co “tema principal” son: o perigo de proclamar o sexo como un dereito; o intento de introducir o desexo na teoría do consentimento; a conexión entre os conceptos de liberdade, igualdade, autonomía, vontade, poder, violencia, (auto)obxectualización e suxeito co de consentimento; as diferentes perspectivas dentro do feminismo que trataron esta temática xunto coa regularización ou non da industria de explotación sexual; a intervención das mulleres no plano da pornografía; e a existencia duns límites na sexualidade que poden conectarse con esta industria e co consentimento.

A partir deste punto tratarase o consentimento dentro da pornografía, como esta actividade promove a través do seu discurso certos patróns de comportamento e prácticas sexuais onde permanecen estruturas de desigualdades de poder. Alén disto, tamén é importante destacar a análise do xogo comunicativo que emprega o porno para desenvolver este discurso mediante o recurso da interpretación e do ficticio fronte a realidade.

A metodoloxía deste estudo consiste na revisión teórica do concepto de consentimento en relación coa comercialización do sexo, a través das autoras máis relevantes no debate e das súas obras, para poder situalo no contexto actual da pornografía e das novas tecnoloxías. Nestes estudos desenvólvense diferentes perspectivas sobre o acto de consentir, polo que isto permitirá ter unha visión periférica completa. En relación con isto, o marco teórico sitúase dentro de dúas liñas temáticas principais: (1) o mercado do sexo e a industria de explotación sexual e (2) o suxeito moral e a súa relación coa construción do eu e co consentimento.

Entre as autoras citadas sitúanse: Nancy Chodorow (1984); Carol Gilligan (1985); Sheyla Benhabib (1990, 1992); Geniève Fraisse (2012); Kate Millet (2017); Nancy Bauer (2019); Rosa Cobo (2020); Milena Popova (2021); Ana Valero (2022); Paula Sánchez (2022); Rebeca Kukla (2023); Clotilde Leguil (2023); e Clara Serra (2024).

Así pois, a partir dos conceptos e das teorías citadas procederáse a realizar o estudo sobre o valor do consentimento na pornografía e o seu efecto no actual contexto das novas tecnoloxías. A través da teoría de Fraisse determinarase que o acto de consentir para as mulleres non é compatíbel cun feito libre na súa totalidade, debido ao contexto de dominación masculina e das relacións de forzas que predominan dentro do sistema patriarcal, caracterizado polas situacións de desigualdades de poder entre homes e mulleres. Aínda así, o consentimento móstrase como un principio político necesario para manter a diferenza entre a submisión e a liberdade.

2. Marco contextual e conceptual

Os tres fíos temáticos principais que tecen este traballo son: a pornografía, o suxeito e o consentimento.

2.1. A comercialización do sexo e a industria de explotación sexual

A industria de explotación sexual está constituída por tres piares: a pornografía, a teoría actual da violencia sexual; a prostitución, a práctica; e a trata, o surtidor da prostitución. Estes tres puntos interdependentes conforman unha tríada dentro do mercado internacional co obxectivo de alimentar a principal demanda masculina. Estes suxeitos que consumen cren nun suposto dereito² de libre acceso ao corpo feminino a cambio dun prezo (intercambio económico-sexual) e esta crenza xustifica o seu consumo. Tamén é un dos puntos de converxencia entre o mercado e a sexualidade no que atopamos dous sistemas de dominio: o patriarcal e o capitalismo neoliberal. A globalización da actividade pornográfica *mainstream*³ e o seu rápido crecemento progresivo orixínase nas políticas económicas neoliberais, nas que reside o sistema económico ascendente e o tipo de consumo e de produción lineal impulsado a través do capitalismo informacional e das economías ilegais.

Esta expansión produciu que se formase un novo perfil: a “servidora sexual” (Cobo, 2020: 39), base da prostitución e da pornografía globais. Baixo a pornografía pódese observar como se representan as relacións e as estruturas de poder, tanto dentro da propia industria, como na representación escenográfica que canoniza tanto as prácticas sexuais como os perfís que interveñen. En canto á demanda, débese destacar que o principal consumidor é masculino (del Barrio, 2014), deixando de lado os seus trazos culturais, económicos e sociais. Como defende Rosa Cobo (2020), podemos ver unha relación entre o produto e o consumidor, xa que na industria predomina o discurso sobre o poder e o dominio do home na sexualidade, reforzando de maneira directa as relacións de poder da sociedade.

Podería tratarse dunha “pornificación” da cultura, xa que trascende a todos os planos e inflúe en todos os niveis da sociedade. Sheila Jeffreys (2011) afirma que internet permitiu un maior acceso ao consumo de pornografía a partir dos anos noventa cambiando o perfil

² Relaciónase coa afirmación de que existe un “dereito ao sexo” (Srinivasan, 2022).

³ A pornografía *mainstream* refírese á pornografía dominante ou “de corrente principal”. Consúltese o estudo de Roman Garcia, O., Bacigalupe, A., - Vaamonde Garcia, C. (2022). “Relación de la pornografía mainstream con la salud sexual y reproductiva de los/las adolescentes. Una revisión de alcance”. *Revista Española de Salud Pública*, 95, e202108102.

de consumidor (xa non ten que desprazarse) e, segundo Natasha Walter (2010), internet é a base desta transformación globalizante, maiormente nas novas xeracións. De feito, as novas tecnoloxías, as redes sociais (Instagram, Facebook, Twitter/X, WhatsApp, TikTok, OnlyFans) e a Intelixencia Artificial están intervindo na pornografía, axudando á súa continua expansión (Cobo, 2020).

A pornografía inclúese na industria de ocio e entretemento, polo que no imaxinario colectivo é un ben de consumo non só para os “pornófilos”⁴ (Ballester et al., 2019), senón tamén para gran parte da sociedade. Esta industria da explotación sexual conseguiu converter a sexualidade nunha mercancía a través do desexo e da satisfacción sexual. Así pois, o sexo enténdese como consumo e o principal produto de mercado é o corpo feminino (Cobo, 2020).

Segundo Cobo (2020), os relatos pornográficos prescinden de discurso, pois principalmente a súa función é satisfacer o desexo sexual do corpo, representando a través de certas prácticas sexuais un sistema mecánico no que xa non se visualizan persoas, senón simples máquinas nunha produción en cadea. A estética que envolve o produto pornográfico está dominado pola crueldade, o dano, o sadismo e a explotación.

O capitalismo intercede na pornografía neste punto mediante o neoliberalismo e o dereito da liberdade individual (individualismo consumista) a través da exaltación dos desexos, da sexualidade como ocio e do exhibicionismo da intimidade: “La transparencia y la exhibición son rasgos inherentes a las sociedades neoliberales” (Cobo, 2020: 43-44). Esta industria conseguiu cubrir as necesidades masculinas de poder a través das súas representacións porno-escenográficas. Realmente de trasfondo atópase unha mensaxe hedonista sobre o consumo ilimitado tan promovida polo novo capitalismo e o seu mercado de desexos (sexo e poder).

2.1.1. Posicións actuais sobre a pornografía: pro ou antiporno

A industria de explotación sexual ocupou e ocupa unha importante parte do discurso feminista que se dicotomiza entre a regularización e a abolición, dúas posturas que non chegaron a un punto medio no que coincidir sobre a (i)lexitimidade da industria de explotación sexual.

⁴ Este termo procede da obra de Rosa Cobo (2020: 40).

Sobre a pornografía existen dúas perspectivas contrastivas. Por unha banda, o feminismo radical⁵ considera que a pornografía é un ámbito que serve de alimento para a reificación da muller e do seu corpo, como un obxecto sexual dispoñíbel perante o desexo masculino, a través de prácticas de dominación e violencia exercidas sobre a figura feminina. Mais, esta postura foi apoiada por certos grupos conservadores⁶ que non se centraban concretamente en eliminar esta industria polo dano ás mulleres, senón pola moral subxacente e pola posibilidade de ser un transmisor de representatividade non normativa. Ademais, este movemento defende que a pornografía é a teoría da práctica prostitucional, de maneira que o porno desemboca na prostitución (Cobo, 2020).

En cambio, a pornografía segundo o regulacionismo⁷ e o feminismo liberal e crítico⁸ é unha parte da liberdade de expresión e por iso defende que deberían empregar este plano e non eliminalo, como un recurso discursivo para crear novas realidades en torno ao feminismo e á sexualidade. Mais, detrás desta ideoloxía tamén reside unha perspectiva económica, xa que é a terceira fonte de riqueza despois do tráfico de armas e das drogas. Polo tanto, este pensamento está influenciado polo carácter capitalista que domina a sociedade e que pode rematar por converter o suxeito libre de expresión nun produto de consumo sen poder sobre a súa axencia.

En España, como explica del Barrio (2014), o debate entre feminismo pro e anti chegou tardiamente en comparación cos Estados Unidos (pro-censura nos anos 70). A pornografía concebiuse por unha maioría como unha expresión de liberdade sexual, baixo o discurso

⁵ Este movemento xurde nos anos 60 nos Estados Unidos durante a segunda ola do feminismo e o seu marco teórico refléxase en dúas obras publicadas en 1970: *Política sexual* de Kate Millet e *A dialéctica do sexo* de Shulamith Firestone. Entre as principais representantes atópanse: Sulamith Firestone, Kate Millet, Andrea Dworkin, Monique Wittig e Catharine Mackinnon. Tamén destaca o grupo Women Against Pornography (WAP) neste movemento antipornografía.

⁶ Neste movemento abolicionista estadounidense dos anos 80 englobábase a “Coalición Contra el Tráfico de Mujeres” (CATW), que procedía do WAP, a dereita cristiá e a Administración de Reagan; una coalición denominada “Maioría Moral” (Sánchez, 2022: 66-67).

⁷ O regulacionismo defende a lexitimidade do traballo sexual a prol dos dereitos das traballadoras sexuais e xurde en resposta ao feminismo abolicionista, aínda que a defensa do sistema prostitucional ten unha longa tradición histórica. Esta nova perspectiva do traballo sexual introduce a cuestión dos efectos negativos do abolicionismo sobre as prostitutas e a súa vulnerabilidade perante o carácter clandestino deste espazo. Algunhas autoras que destacaron dentro deste movemento foron: Margo St. James, Norma Jean Almodovar, Kamala Kempadoo, Annie Sprinkle e Audacia Ray. En España, algunhas activistas e feministas, como Clara Serra e Paula Sánchez e Rosa Montero, foron críticas co abolicionismo ao igual que certas organizacións, como Ammar, OTRAS, CATS e Genera.

⁸ É unha forma individualista de teoría feminista que defende a capacidade das mulleres de manter a súa equidade mediante as súas propias accións e decisións. Existen dúas fases: (1) un período a finais do século XIX e comezos do XX no que o obxectivo era o conseguir o voto das mulleres e a súa liberdade individual; e (2) unha segunda nos 60 durante a defensa dos dereitos civís. As autoras que destacan son: (1) na primeira fase, Mary Wollstonecraft, Judith Sargent Murray e Frances Wright; e (2) na segunda, Rebecca Walker, Clara Campoamor e Martha Nussbaum.

anti-censura despois da recente situación de opresión sexual franquista. Así, foi un medio para a normalización da sexualidade e do espido, mais a pornografía *mainstreaming* actual corre o risco de ir máis alá da naturalización do sexo e o pracer, xa que se centra principalmente na dominación sobre a muller como un modelo da visión patriarcal sobre o erótico.

2.2. O suxeito moral

Para definir o suxeito moral débese ter en conta o concepto de autonomía dentro da toma de decisións e a súa capacidade racional no plano moral. Esta idea parte da capacidade de autorregulación libre, sen interferencias externas que pretendan controlar ou limitar ao suxeito (Sánchez, 2007). Esta perspectiva illa ao individuo da condición externa natural, un elemento que sempre intercede na súa evolución como ser humano e nas súas decisións e accións.

En contraste, existe outra perspectiva sobre a autonomía na que o suxeito sempre ten un contexto no que parcialmente se ve condicionado e que centra o seu estudo en establecer onde fica o límite de intervención externa dentro da moralidade individual de cada ser humano (Sánchez, 2007).

En relación con isto, é destacábel a definición do eu, pois a partir dunha autopercepción tamén realizamos unha comparativa co noso entorno para crear conceptos máis abstractos e universais. A partir da concepción dun mesmo poderíamos falar dunha diferenza do *eu* en canto ao sexo? Poderíamos afirmar que esta diferenza determina o ser en canto ás súas decisións?

Por exemplo, Carol Gilligan (1985) observa que a construción do suxeito depende das súas (a)filiacións sociais e que existe unha diferenza de sexo, no caso das mulleres sería das súas relacións filiais mentres que os homes se definen a partir de relacións coa sociedade. Esta filósofa é a primeira en indicar e confrontar a ética da xustiza coa ética dos coidados, de maneira que afirma que esta primeira non é neutra nin universal e cuestiona a existencia dunha ética do público (da xustiza) fronte unha ética do privado (dos coidados).

Seyla Benhabib (1990, 1992) tamén indica a diferenza do eu, segundo esta pensadora o eu fórmase nun sistema sexo-xénero (sociedades patriarcais), dividido entre unha construción simbólica e unha interpretación das diferenzas anatómicas entre os sexos,

polo que o *eu* sempre se forma a partir deste sistema que reproduce os individuos socializados.

Complementariamente, a socióloga e psicanalista Nancy Chodorow (1984) continuou por esta liña de pensamento e analizou as diferenzas na formación do eu a partir da construción dos xéneros segundo a relación de semellanza entre as nais e súas fillas. Simone de Beauvoir (1949), a máxima representante do feminismo da igualdade, na súa obra xa esclarecera como afecta a maternidade no eu feminino e na súa (ex-/)inclusión na sociedade e como é un obstáculo para o desenvolvemento intelectual e persoal das mulleres.

O concepto de suxeito moral intervén na cuestión da toma de decisións, por exemplo no acto de consentir. Este estudo sobre o suxeito permite observar como se desenvolve o individuo nos diferentes planos da sociedade e analizar o uso do consentimento, por exemplo na pornografía.

2.3. O consentimento

O consentimento relaciónase co contrato⁹, un vínculo entre dúas ou varias vontades e un cumprimento (susceptíbel de ser reformulado ou evitado).

No ámbito sexual este termo readáptase ao contexto no que o obxecto da relación sexual consentida non pode depender dunha única manifestación de vontade, xa que pode variar ao longo do desenvolvemento do intercambio sexual. Polo tanto, adquire un maior grao de dinamismo, un factor que determina a súa definición como un *continuum* máis alá dos dous extremos do “non” e do “sí”. Este proceso de interacción está mediado polo aspectos vinculados ao xénero, á estrutura histórico-social-cultural e aos estereotipos sexuais que alimentan os mitos sobre a sexualidade (Álvarez, 2023)¹⁰.

Segundo Quill R. Kukla (2023), o consentimento non pode considerarse como un acto autónomo de elección, posto que a autonomía é un *continuum* e a autonomía absoluta é un ideal. O que deberíamos ter en conta é unha autonomía parcial, pois no caso de considerar absoluta a actividade consensual sería practicamente inexistente na maioría das interaccións. Esta autora fai unha proposta que fomenta e protexe o consentimento sexual entendendo a autonomía como un tipo de actividade axencial e autodeterminante

⁹ Este paradigma desenvólvese dentro do contractualismo onde se teoriza.

¹⁰ Consultar o prefacio de Fraisse (2012), *Del consentimiento* (23-28) para un contexto histórico en profundidade.

incluso en escenarios que a poden comprometer. Para ser lexítimo o consentimento debe ser comunicado previamente ao acto, verbalmente ou non, e pode seguir a un momento cognitivo explícito de elección.

Seguindo a teoría de Kukla (2023), a autonomía parcial pode dividirse en dúas tipoloxías en base á súa orixe, que poden ser simultáneas: a causa das nosas capacidades intrínsecas ou a causa da nosa situación externa que condiciona o feito de consentir. Alén do anterior, Kukla nomea diferentes condicionantes da nosa autonomía para consentir: estar nunha relación de poder, ser manipuladas/os, estar dentro dunha determinada rede de normas sociais, etc. Así pois, cando accedemos ou non a ese consentimento non estamos en plena autonomía, senón que sempre estamos condicionados/as polo noso contexto tanto interno como externo onde a situación non é ideal e compromete de maneira substancial. Segundo esta idea, o consentimento e a autonomía desenvólvense en graos e a autora enténdeos como conceptos non comparativos (non é o mesmo exercer unha elección autónoma que consentir). Partindo da definición da autora, o sexo consensuado determínase como unha especie de colaboración (negociación dialóxica), non como algo que se lle dá a outra persoa. Ademais, se se entende o consentimento sexual como un *continuum* entón debe determinarse cal é o grao adecuado a partir do cal non é un acto de agresión sexual.

En adición, o “consentimento viciado”¹¹ é un concepto legal que se refire á situación na que un individuo dispensa o seu consentimento de maneira involuntaria ou baixo circunstancias que afectan á súa capacidade para tomar unha decisión informada ou libre. Polo tanto, obtense de maneira ilexítima aproveitando a vulnerabilidade doutra(s) persoa(s) debido a que os participantes non están en igualdade de condicións e/ou no mesmo nivel de informatividade nunha decisión.

Como resposta á violencia sexual exercida sobre as mulleres dentro do feminismo xurdiron diferentes propostas sobre o consentimento sexual: (1) “non é non” céntrase na negación do acto e foi creada pola *Canadian Federation of Students*; (2) “só si é si” xurdiu nun grupo de mulleres da escola *Antioch College*, tras observar que no consentimento pode existir unha incapacidade de negarse por parte do suxeito, e baséase nun consentir afirmativo cunha comunicación e participación activas. Desta proposta deriva o “consentimento entusiasta”¹² centrado nun maior grao de iniciativa e de coidado continuo

¹¹ Este concepto é analizado no contexto da sexualidade por Clara Serra.

¹² Fórmula do consentimento asentada nos discursos contemporáneos oficiais que esixe a presenza do desexo para poder determinar se este é verdadeiro (Serra, 2024: 84).

durante o intercambio. Nestas propostas non se analiza en detalle a posibilidade de que o suxeito se sinta ambivalente respecto á súa vontade e o seu desexo, un trazo esencial no acto de consentir.

A idea de Kukla sobre o consentimento parcial a través da axencia é moi interesante, debido á súa compatibilidade coa ambivalencia do suxeito sobre o seu desexo e a súa vontade. A súa concepción do acto de consentir como unha negociación dialóxica e un *continuum* permite ter unha maior adaptabilidade en cada intercambio sexual e un maior dinamismo de cambio sobre a decisión. Ao longo da análise do consentimento en relación coa liberdade, a igualdade, o poder, a vontade, a violencia, a autonomía, o desexo e a pornografía observárase como o consentimento internaliza unha gran complexidade.

1. Discusión

1.1. Os límites da sexualidade: o valor do consentimento na pornografía

As principais cuestións a resolver neste traballo son a aplicación do consentimento na pornografía, a súa análise como un principio político, a súa realidade práctica actual dentro desta industria e os seus efectos na sociedade. Neste apartado da discusión, centrarémonos en describir o consentimento a partir da teoría de Geniève Fraisse e aplicaremos o valor do consentimento dentro da pornografía para observar o seu desenvolvemento.

Antes de introducirmos no estudo do consentimento dentro do plano pornográfico, é relevante observar o seu funcionamento a nivel global. En relación cos conceptos de liberdade e de elección, o consentimento pode considerarse un dereito en si mesmo, o que se entendería como o dereito a consentir. Baixo o pensamento do xurista Daniel Borillo (2002) podería establecerse unha ética do consentimento baseada na liberdade. Dito con Fraisse: “a capacidade de consentir constitúe a base ética desta liberdade” (2012: 88). Esta posición filosófica é un intento de afastar a sexualidade da condición sexuada dos individuos que convirte en substanciais os propios órganos xenitais, de maneira que a moral e a relixión fican relegadas a un segundo plano. Polo tanto, nesta proposta obsérvase o predominio da liberdade sexual sobre a natureza ou a cultura sexual.

Esta idea é unha especie de disociación entre o plano económico e o moral, como un dobre xogo entre a moralidade e a economía, no que o corpo se introduce dentro do mercado sen unha carga ética subxacente que implique o valor positivo ou negativo do corpo e da sexualidade. Polo tanto, a ética do consentimento debe loitar por establecer a liberdade e a igualdade sexual, de maneira que o único límite é o dano que se poida provocar ao outro, tendo maior peso o poder do individuo sobre o seu propio corpo e a protección da vida privada e do íntimo. Na obra de Fraisse (2012) explícase esta postura, a cal afirma que a intervención do Estado e da esfera política na sexualidade individual implica que existe unha presión social, moral e relixiosa.

A partir desta perspectiva existe a posibilidade de reforzar o valor do consentimento na industria de explotación sexual e de criticalo no contexto da violencia sexual a través do argumento da liberdade e do poder do suxeito sobre o seu corpo. Ademais, segundo Marcela Iacub (2002), o consentimento permite a contradición entre a deconstrución da

súa importancia no escenario da violación e a construción do seu valor na prostitución (Fraisse, 2012).

Ademais, a ética do consentimento parte argumentativamente de dúas ideas: a liberdade e a igualdade¹³, dous principios políticos democráticos e republicanos. O primeiro conseguiu un novo valor no dereito penal, por exemplo, no caso da violencia sexual considérase que a ausencia de consentimento indica un detrimento da liberdade e da propia vontade do suxeito. Sobre o segundo, a igualdade, é importante nomear que a violencia está ligada coa autoridade e coa discriminación (Fraisse, 2012).

Como crítica á ética do consentimento que defende Borillo, Fraisse (2012) afirma que a liberdade dentro das relacións de forzas non pode entenderse na súa plena aplicación, pois este termo está limitado e definido polo marco social. Aínda así, esta limitación da liberdade sexual baixo o contexto do poder non implica que deba equipararse coa violencia sexual.

Sobre os conceptos de poder e violencia, Hanna Arendt (1972) afirma que a violencia xorde ao carón do poder, mais este e a violencia son opostos, de maneira que onde domina un falta o outro. Aínda que o poder e a violencia parece que xorden xuntos e o segundo pode destruír o primeiro, o poder nunca xorde a partir da violencia. Así, a violencia sería naturalmente instrumental, un simple recurso do poder, elemento que parte da condición política da pluralidade na diferenza e que pertence á condición humana en comunidade.

Outra filósofa que respalda esta diferenza entre ambas ideas é Clara Serra (2024), quen afirma que a equiparación de poder e violencia provocaría unha moralidade cunhas ríxidas regras arredor da sexualidade, próximo á categorización máis alá do consentimento e preto da diferenza entre sexo bo e malo (“sexo feminista”). Por exemplo, a dicotomía entre o sexo afectivo e o sexo sadomasoquista. Así, cando non existe diferenza entre ambos termos toda desigualdade de poder pode transformarse nunha cuestión de forza, de maneira que o carácter viciado da capacidade de consentir se expande e adquire o estatuto de condición xeral e a desigualdade de poder sería indicio de violencia.

¹³ Segundo o feminismo da igualdade, a igualdade non pode efectuarse entre homes e mulleres no contrato social vixente baseado nun contrato sexual, por iso reclama a necesidade de establecer un novo contrato social. Existen tres liñas principais deste movemento (a radical, a socialista e a liberal). En España pertencen certas autoras máis alá das diferenzas entre as súas teorías: Victoria Sau, Lidia Falcón, Celia Amorós e Amelia Valcárcel.

A crenza de que a desigualdade de poder é sinónimo de violencia relaciónase cunha socialización no perigo e coa construción dun sentimento negativo da sexualidade, como un espazo no que nunca pode ocorrer a presenza da vontade e da autonomía do suxeito. A respecto disto, Paula Sánchez expresa unha idea relevante sobre a complexidade da escena sexual en canto á confianza no outro, ao descoñecemento no sexo e ao risco de manterse neste tipo de socialización: “ou vivir o pracer a cambio de asumir un risco ou evitar os seus perigos a costa de castrar o desexo” (2022: 239).

En adición, Butler afirma nunha entrevista que a completa ausencia de poder non pode ser o principio mediante o que se lexitime o sexo, como pretende postular parte do feminismo radical: “Pour ma part, j’irais même jusqu’à dire, avec Michel Foucault, que le pouvoir et la sexualité sont co-extensifs; qu’on ne trouvera pas de sexualité sans pouvoir. Je dirais que le pouvoir est une dimension très excitante de la sexualité” (Fassin-Feher, 2003: 46).

Non obstante, aínda que se consegue diferenciar o poder da violencia, afastar a moral da sexualidade e compatibilizar o consentimento co contexto das desigualdades de poder e da dominación masculina que limita a liberdade feminina, Serra (2024) critica que a vontade que se presenta como principio para o consentimento non mostra a totalidade do querer da persoa. Este é un trazo que problematiza a súa regulación, debido a que a liberdade sexual das mulleres necesita que a lei recoñeza a súa vontade sen coñecer a totalidade dos seus desexos.

A estas problemáticas do consentimento, que dificultan que se poida considerar un principio político, súmaselle a crítica que realiza Fraisse (2012), quen cuestiona como se pode asociar o concepto de consentimento co de liberdade cando o primeiro parte dunha suposta “servidume voluntaria”. Relacionar ambas ideas parece unha contradición, maiormente no caso do consentimento feminino, xa que a condición da muller como suxeito non conseguiu desprazala de ser vista e tratada como obxecto ao mesmo tempo.

Así compréndese que a noción de consentimento aparece logo dunha derrota, esa na que unha cede en lugar de decidir ou de querer, esa onde unha decide sobrevivir antes que perder ou morrer. En consecuencia, a idea de consentimento caracterizará en adiante dúas situacións: a da relación de forzas e o seu resultado imposto (ceder máis que consentir) e a do contrato entre partes máis ou menos iguais (o consentimento mutuo) (Fraisse, 2012: 47).

Como solución para esta dobre perspectiva semántica do consentimento que presenta Fraisse (2012), o termo defínese a través dun só dos dous sentidos. Así, o consentimento como un feito de liberdade dentro do marco da dominación, é dicir, o acto de consentir como un acto mutuo dentro do contrato, deixando a un lado as desigualdades. A través desta nova realidade o consentimento transfórmase nun factor determinante dentro do sexo, mediante o cal si se pode desenvolver a autonomía e a vontade do individuo en liberdade.

Alén da complexidade que garda o consentimento, na actualidade é o concepto recollido na maioría dos Estados para a regulación da sexualidade. Esta posición convirte o consentimento nun principio necesario para poder distinguir a submisión da liberdade, aínda que as mulleres estean condicionadas por este contexto patriarcal.

Como intento de paliar estes defectos que se recollen no consentimento tendo só en conta a vontade do suxeito, unha parte da sociedade defende o argumento do desexo dentro do consentimento como un principio a ter en conta na súa lexitimidade. Neste punto de vista moral sobre a sexualidade téndese a recorrer ao desexo como principio para afirmar que algo é consentido de maneira activa, pois o consentimento pode verse dende unha postura pasiva á hora de tolerar o intercambio sexual e non aprobalo en si pola vontade do suxeito. Pola contra, o desexo é un parámetro que tamén se constrúe a partir duns marcos culturais como o patriarcal, polo que tampouco se pode definir este principio alleo ao poder e ás estruturas sociais imperantes: “A que outro adulto se lle esixe que estea tan ligado ao desexo para que os seus actos sexan lícitos? Iso si que é unha gran infantilización das traballadoras sexuais” (Sánchez, 2022: 184).

Esta perspectiva sobre o desexo propón un novo suxeito do contractualismo sexual no contexto do liberalismo moderno, que sempre sabe o que quere para aceptar o pacto. Mais, a psicanálise freudiana combate este suxeito, no que no seu interior existe unha dicotomía sobre o seu desexo: pode querer e non querer á vez e pode descoñecer o que quere. Por isto, é que o desexo ao formar parte do inconsciente do suxeito non pode tomarse como un principio para determinar a lexitimidade do consentimento.

Así pois, non é o mesmo consentir que desexar, porque, como lembra Serra (2024), en realidade non se sabe o que se desexa até o propio momento de interacción, un trazo do desexo que dificulta a súa condición como principio político. Esta postura que presenta o desexo como unha opción mostra certa contradición, pois para saber e coñecer o noso

propio desexo é preciso explorar e para experimentar é necesario sucumbir cara un camiño descoñecido a través do “non sei” (Serra, 2024).

A perspectiva que defende o desexo dentro do consentimento afirma que sería ir máis alá do propio consentimento, relacionado este coa actitude pasiva das mulleres fronte o desexo masculino e cun “deixarse facer”, posto que se alzaría a voz do desexo feminino no lugar da acción e suporía a positividade afirmativa dun suxeito activo na relación sexual. Leguil (2023) na súa obra apuntala a equivalencia do desexo reivindicado socialmente co goce psicanalítico dentro dunha lóxica mercantilista (desexo sádico), de maneira que a autora advirte que gozar absolutamente conleva á aniquilación do outro.

Así mesmo, Leguil (2023) realiza unha crítica dos discursos contemporáneos que entenden a liberdade sexual baixo o termo de “empoderamento” que invita á muller a coñecer o seu propio pracer dende unha perspectiva autárquica e solipsista. Esta psicanalista defende o consentimento ligado á noción de feminidade de Lacan e despréndese da imposición sobre o suxeito feminino de converterse en axentes autónomos afastados da vulnerabilidade a da dependencia cara o outro. O desexo feminino que o feminismo debe defender non pode desligarse da opacidade, do non saber e da relación co outro, pois este caracterízase por estes trazos.

De volta no concepto de consentimento en relación coa sexualidade, para poder tratar o consentimento sexual e que sexa compatíbel neste contexto patriarcal, pódese empregar a teoría de Kukla (2023). Nesta proposta a autora afirma que a axencia do suxeito está condicionada polo marco no que se desenvolve e por iso é importante tomar o concepto de axencia parcial. Esta idea, a través da imaxe do consentimento como un *continuum* tanto en encontros puntuais como en relacións continuadas, permite unha maior flexibilidade sobre a ambivalencia na decisión do suxeito. Ademais, Popova (2021) resalta a importancia de ter en conta o proceso de negociación do consentimento, que pode entenderse, alén da vontade e do desexo, a través da perspectiva da autonomía corporal, do respecto da autonomía propia e da outra persoa.

Un exemplo sobre a negociación do consentimento sexual cun carácter contractual atópase nas prácticas libremente consensuadas do BDSM (Bondage e Disciplina, Dominación e Submisión, Sadismo e Masoquismo) e nas relacións d/s (dominante-submiso). Neste escenario non intercede tanto o desexo ou a autonomía corporal como a confianza no outro que estimula a vontade de consentir. Este é un espazo no que se

desenvolve explicitamente o consentimento informado aplicado noutros eidos da sociedade e que permite un maior grao de claridade sobre o intercambio, mais a cesión ao descoñecemento segue presente. Estas prácticas dan moita importancia á consciencia e á presenza do suxeito no acto, de maneira que estean totalmente presentes e que sexan capaces de comunicarse: de pedir, dar, recibir, negar ou retirar o seu consentimento en calquera momento (Popova, 2021).

Un obstáculo é a negociación individualizada do consentimento que xurde a partir dos discursos dominantes sobre a responsabilidade persoal. A comunidade BDSM intenta solventar este problema mediante a responsabilidade en plural, a través da comunicación directa, concreta e explícita na negociación do consentimento e da creación de espazos seguros nos que desenvolver estas prácticas pola necesidade dunha posíbel intervención. O BDSM é case o único espazo no que se trata o consentimento no asesoramento sexual convencional, un conxunto de prácticas categorizadas fóra do “sexo normal”. Polo tanto, existe unha fronteira na intervención do consentimento entre o “sexo normal” (penevaxinal) e o “sexo anormal”, como se o primeiro non precisase dunha negociación explícita. Desta maneira, asúmese que toda a sociedade ten pleno coñecemento do guiión sexual e que todo suxeito pode expresar facilmente si e non e que pode respectar a vontade do resto (Popova, 2021).

Tamén existe unha fronteira de idade sobre a presuposición de coñecementos sobre o acto de consentir. O único tratamento desta información desenvólvese no material dirixido a adolescentes, de maneira que se asume que no resto de fases vitais do individuo este tipo de coñecementos xa son sobreentendidos (Popova, 2021). Sobre isto, é importante evidenciar que a infancia e a adolescencia non son os únicos tempos nos que o individuo pode mostrar problemáticas no entendemento do acto de consentir e por isto é preciso expresar este fenómeno dirixido cara todo tipo de receptor.

Dentro da pornografía¹⁴ hai múltiples aplicacións do consentimento debido a que non só depende da acción dentro do intercambio sexual, tamén intercede a cuestión do material audiovisual: a gravación, a participación, a publicación e a distribución ou o intercambio de arquivos audiovisuais. Nestes diferentes planos é onde se determina se é consensual

¹⁴ Podemos incluír a literatura erótica dentro do marco pornográfico, debido á súa carga de contido sexual. Para máis información consúltese a obra de Kate Millet *Política sexual* (1970).

ou non consensual¹⁵ a pornografía, xa que no momento que se viola o consentimento nalgún destes puntos, o material deixa de ser consensual. Por exemplo, os vídeos de violacións reais ou de intercambios sexuais nos que unha das partes non consente a súa distribución, publicación ou a súa gravación.

Neste punto son relevantes os conceptos de dereito de autoría e dereito á intimidade respecto ao suxeito e ao consentimento, pois neste escenario non consensual víólase a privacidade e a vontade do individuo. No documental “Sociedad porno” pode observarse a importancia deste tipo de material audiovisual non consentido dentro do total do contido destas plataformas como Pornhub (MindWeek)¹⁶. Polo tanto, non só existe a problemática da regulación da pornografía consensuada, tamén está o principal obstáculo: a pornografía non consensual.

De maneira complementaria a esta situación sobre o consentimento, o porno *mainstream* mostra un forte grao de violencia sobre a muller en escenas nas que se ignora o seu propio consentimento, un imaxinario que alén de partir da ficción pode construír un discurso sexual arredor da ignorancia da súa vontade e autonomía. En consecuencia, esta imaxe pornográfica provoca que non exista unha correspondencia entre o consentimento na realidade e o que aparece na pornografía.

Alén destas características que mostran a ilexitimidade desta representación da pornografía *meinstream*, este material ten unha forte demanda nas plataformas actuais, un feito que pode deberse ao efecto do movemento de *banalización* na sociedade moderna baixo as diversións cambiantes do espectáculo, onde o consumo multiplicou até o infindo os roles e os obxectos a escoller polo consumidor e a súa insatisfacción sempiterna (Debord, 1998). Ademais, para xustificar esta representación sobre a sexualidade a propia industria, os consumidores e as persoas que se sitúan a favor empregan o argumento da liberdade de expresión.

Sobre a participación das mulleres no eido pornográfico e o seu consentimento neste tipo de prácticas existe un debate todavía activo na sociedade, así como a liberdade de elección é un tema recorrente na regulación e na abolición da pornografía. Por parte das abolicionista existe unha serie de argumentos que permiten cuestionar a súa existencia

¹⁵ Esta pornografía non consensual relaciónase co concepto de “pornovenganza” ou “pornografía de vinganza”, un fenómeno dado na difusión non consentida de imaxes privadas como método de vinganza.

¹⁶ <https://www.rtve.es/rtve/20240209/noche-tematica-se-acerca-mundo-porno/15962770.shtml>

dentro deste escenario: a dominación masculina, a inviabilidade do consentimento en condicións de coerción patriarcal e a problemática que xurde a partir de ambos puntos.

Un argumento recorrente en contra da participación das mulleres na industria de explotación sexual é a cuestión da alienación e da disociación que sufren, como un intento de ilexitar o seu consentimento. Son dous conceptos perigosos no momento de aplicalos sobre un grupo concreto, pois pode conformar unha xerarquización e desvalorización do suxeito e da súa vontade. De feito, a disociación xustifícase mediante a separación do eu, un escenario non moi diferente a calquera outro traballo no que se separa a identidade do suxeito da identidade do traballador.

Outro punto da crítica abolicionista céntrase na comercialización do corpo. Por un lado, na obra de Carole Pateman *O contrato sexual* (1988) explícase a base do sistema patriarcal a través da imaxe do contrato, que permitiría o acceso continuado ao corpo feminino por parte dos homes e a separación de sexos entre a esfera pública e privada. Analizando o contrato social de Locke, Pateman decátase de como os homes serían os únicos consentintes dentro deste pacto, pois son os únicos considerados como individuos ao pertencer á esfera pública. Desta maneira, o dereito natural no patriarcado deriva cara o dereito civil e cidadán mediante tres escenarios: o matrimonio, o contrato social e a prostitución (Sánchez, 2022).

Outras autoras que se pronunciaron a prol desta crítica son Ana de Miguel (2015) e Valcárcel (1998), quen critican que non sempre se pode lexitar unha práctica a través do consentir das partes implicadas nun marco democrático, porque a propia democracia se encarga de regular eses contratos que poderían ser voluntarios polos grupos máis vulnerábeis nunha situación de desigualdade e/ou de dominación. Ademais, o filósofo moral Scott A. Anderson (2002) afirma que a prostitución se lexitima no dereito das mulleres sobre o seu corpo, mais a legalización e normalización deste escenario pode provocar a perda de control e de dereito sobre a autonomía sexual. É dicir, a capacidade de marcar os límites sobre o acceso aos seus corpos nun espazo predisposto á reprodución da desigualdade de poder.

En contraste con esta perspectiva, Fraisse (2012) afirma que existe un cambio sobre o suxeito feminino e o seu poder sobre si mesmo. No pasado este mercado do corpo realizábase dende unha posición de heteronomía no caso da muller, de maneira que tanto o matrimonio como a prostitución eran dous ámbitos nos que a vontade e a independencia

non tiñan moito que ver. Mais, no último século coa autonomía económica e a conquista do seu propio capital, o sexo feminino conseguiu converterse en comerciante e propietaria, alén de ser tratado igualmente como obxectos e produtos dentro do sistema comercial. Amais, Nancy Fraser (1996) apunta que o cliente compra a representación escenificada de poder como unha “fantasía de dominio”, finita no mesmo momento en que se realiza, en lugar de adquirir dito poder mediante esta dominación (Sánchez, 2022).

Non obstante, Fraisse (2012) tamén determina que se a economía está presente en todos os puntos da realidade non pode haber espazo para a ideoloxía, co cal a liberdade individual que participa deste sistema social representa o pensamento de igualdade sen ter en conta a relación de forzas entre os contratantes. Como é difícil demostrar a reciprocidade e a igualdade dos participantes dentro do exercicio da pornografía, destaca a elección individual e a prevalencia da liberdade sobre a igualdade. En palabras da filósofa:

Un non vende o seu corpo, alquílo [...] o dó mercantil inherente á prostitución podería transformarse nun contrato de traballo para aquelas que deciden que “consenten” en gañarse desa maneira a vida [...] Diciase: “elas consenten”; agora dírase: “eu consinto”. (Fraisse, 2012: 58).

Polo tanto, segue existindo a problemática do consentimento dentro do marco patriarcal, aínda que o cambio a través da autonomía económica e política permite que as mulleres sexan suxeitos de dereito e que o mercado do sexo se convirta nunha acción consentida en primeira persoa, sexa a través dunha pantalla ou do propio corpo.

Alén da nova realidade para as mulleres, non debemos esquecer que estas accións libres no marco das relacións civís poden converterse nunha trampa a través do poder sádico que emprega a submisión e que o consentimento pode chegar a instrumentalizarse. Este é un dos obstáculos deste principio político, porque o límite entre ceder e consentir é difuso e poden existir cesións forzosas aparentemente consentidas (Leguil, 2023).

1.2. Os efectos actuais da pornografía

Tras esta análise sobre o concepto de consentimento e a súa aplicación na pornografía *mainstream* xurde a seguinte cuestión deste traballo: os efectos que provoca esta representación do consentimento no ámbito pornográfico. As consencuencias son: a normalización da violencia na sexualidade e a relación entre o consumo de porno

hardcore e a tolerancia de prácticas sexuais violentas; a construción do novo discurso e guiión sexual nas novas xeración; a (auto)obxectualización feminina; as novas tecnoloxías; e a supeditación das mulleres a través da linguaxe como acto de fala.

Segundo Rosa Cobo (2020), a pornografía é un produto cultural e económico deseñado e creado por homes e destinado maioritariamente para un público masculino. Aproximadamente só un tercio da poboación mundial feminina consume porno alén dos continuos intentos de promovela cara a mirada da muller. Aínda que é unha industria enfocada no consumo masculino, esta aliméntase de mulleres e do corpo feminino para manter o seu mercado. Ademais, promove pautas de socialización que conteñen unha pedagogía e unha estrutura normativa que define as diferentes heterodesignacións sexuais que predominan na sociedade.

Millet (2010) maniféstase tamén en contra destas heterodesignacións sexuais:

As sociedades patriarcais adoitan relacionar a crueldade coa sexualidade, que a miúdo se equipara tanto co pecado como co poder. Esta dualidade maniféstase nas fantasías sexuais citadas pola psicanálise e expresadas na pornografía. De modo invariábel asóciáanse o sadismo co macho (e o «papel masculino») e a postura de vítima coa femia (e o «papel feminino») (Kate Millet, 2010: 109).

Nun estudo realizado por Elena del Barrio e Eva Garrosa (2015) pode observarse cales son as prácticas que predominan no porno *mainstream* e como a educación en igualdade ten a capacidade de ser o punto de converxencia que permita a redución da violencia sobre a muller e o cambio nas relacións desiguais de poder. O problema non é a propia industria, senón as desigualdades que se orixinan en e dende a pornografía, por exemplo, o dano do mercado sobre as modelos e actrices¹⁷ e os maltratos e abusos, sexan por coacción dende o principio ou despois de entrar “libremente” nesta industria.

Segundo del Barrio e Garrosa (2015) a pornografía é un sector que permite calquera actitude ou comportamento mentres forme parte do espectáculo fantástico que fomente o desexo no seu público, incluso destruír as súas traballadoras baixo a xustificación de motivos laborais. Noutros ámbitos de traballo esta realidade xa foi cuestionada e combatida, por exemplo, até fai pouco comezou a normalizarse no cine o papel da coordinadora de intimidade, quen se encarga de asegurar o benestar das actrices e actores

¹⁷ Consúltese información sobre a campaña #MeToo sobre os casos de violacións a actrices no ámbito da actuación, un mundo no que predomina o abuso de poder e o abuso sexual normalizado.

en escenas sexuais ou con certo grao de intimidade. Estas novas regulacións permiten reducir o maltrato e a coerción sen ter que eliminar o material cinematográfico sexual.

Outro efecto do porno (del Barrio- Garrosa, 2015) é a normalización da violencia na sexualidade e a causalidade que pode existir entre o consumo de pornografía e a violencia contra as mulleres. Sobre o punto da normalización, Alario (2019) na súa análise determina que o porno transmite unha mensaxe na reprodución da violencia sexual, porque representa a ausencia de valor do consentimento e a pouca relevancia do desexo feminino, como se non fixesen falta ningún destes dous puntos nin a reciprocidade no intercambio sexual. Estas características son perxudiciais para o consumidor, a súa sexualidade e a propia conceptualización do sexo que se transmite, mais tamén é preocupante a conversión desta imaxe nun elemento excitante que alimenta os mitos da cultura da violación (sedución, conquista, resistencia feminina...). Ademais, os videos presentan escenas de chantaxe, coacción, presión e violencia que as figuras masculinas exercen lexitimamente sobre as mulleres, ao igual que existen vídeos nos que as mulleres están dormidas, bébedas, drogadas ou inconscientes, estados do suxeito que perxudican o seu consentimento e que, polo tanto, desvalorizan este principio.

Sobre o punto da causalidade, existen diversos estudos centrados nesta hipótese que confirman que si que pode darse esta relación causal, consumir violencia contra as mulleres na pornografía (e non só porno¹⁸) pode facer que o suxeito sufra unha maior tolerancia cara este tipo de intercambios (todo isto en certo perfil de persoas) e que por exemplo, o consumo de pornografía hardcore se relacione cun estilo sexual agresivo¹⁹.

Por todas partes encontramos imaxes que incitan ás mulleres de todos os temperamentos sexuais a deleitarse e expresar a súa “follabilidade”, como se a transformación dunha muller no obxecto de desexo por excelencia puidera satisfacer a súa necesidade de que outras persoas presten atención á profundidade e amplitude do seu eu verdadeiro, incluso no ámbito sexual (Bauer, 2019: 27).

¹⁸ Por exemplo, o *fanfiction* como novo xénero no que se desenvolve esta contrarreforma dos relatos pornográficos: “a fanficción contemporánea está escrita, sobre todo, por mulleres e persoas non binarias, a maioría das cales se identifican de algunha maneira como *queer*” (Popova, 2021: 132).

¹⁹ Os estudos nomeados son: 1. Kjellgren, Cecilia; Priebe, Gisela; Svedin, Carl; y Langstrom, Niklas. (2010). “Sexually coercive behavior in male youth: Population survey of general and specific risk factors”. *Archives of Sexual Behavior*, 39: 1161-1169. 2. Ybarra, Michele L.; Mitchell, Kimberly J.; Hamburger, Merle; Diener-West, Marie; y Leaf, Philip J. (2011). “X-rated material and perpetration of sexually aggressive behavior among children and adolescents: Is there a link?”. *Aggressive Behavior*, 37: 1-18.

Tamén se observa como consencuencia a obxectualización sexual do corpo feminino. Segundo Nussbaum (1995), é necesario que se den unha ou máis das sete nocións que nos achega para que se poida presenciar a obxectualización: a instrumentalización, a negación da autonomía, a pasividade, a funxibilidade, a violabilidade, a propiedade e a negación da subxectividade. Rae Langton (1993) pola súa parte engadiu tres nocións máis: a redución ao corpo, a redución á aparencia e o silenciamento.

Este proceso de auto-obxectualización parece ser de carácter preventivo na súa raíz como ocorre no caso do consentimento no marco do contrato social (sexual), onde a aceptación permite introducir o feito de consentir nun contexto no que predomina a relación de forzas e a desigualdades de poder. Así, aínda que se disfrace este discurso de empoderamento, a idea da hipersexualización da muller percorre todas as verbas que defenden a liberdade de expresión a prol deste proceso de (auto)obxectualización.

Non obstante, Bauer (2019) afirma que tamén hai que ter en conta que o desexo de auto-obxectualización non ten que coincidir co desexo dunha muller de ser sexy, pois sería non tomar en serio a experiencia da muller de si mesma e das súas intencións. A filósofa tamén afirma que:

A expresión filosófica e os intentos das mozas por atopar auto-expresión mediante a súa propia sexualización teñen en común: ningunha das dúas pode ser controlada simplemente polas intencións de quen as leva a cabo e non está garantido que saian como unha espera (Bauer, 2019: 38).

A partir do concepto de obxectualización pódese realizar unha análise sobre a reificación do corpo feminino na pornografía e como isto pode condicionar o consentimento²⁰. O corpo aparece segmentado en partes sexuais que estimulen e satisfagan o desexo a través da pantalla, polo que existe unha lóxica detrás da abstracción dos corpos masculinos e femininos:

As mulleres son o centro de atención das cámaras. Mentres o corpo da muller se mostra enteiro, destacando nalgas, orificio anal, vaxina, senos e os xestos do rostro, os corpos dos homes aparecen fragmentados, deténdose case exclusivamente no pene (del Barrio-Garrosa, 2015: 35).

²⁰ Bauer nomea o caso do cine a través do estudo de Mulvey sobre a representación das mulleres como obxectos pasivos que atraen e estimulan a mirada masculina (*gaze*) en calidade de “ser-miradas” (2019: 210-211).

Aínda que a principal imaxe é o corpo feminino, a pornografía *mainstreaming* é heterosexual e dirixida aos homes, centrando a atención no pene, o seu tamaño, a duración da erección e a exaculación. A ausencia dos rostros masculinos é unha clara estratexia para que o espectador poida experimentar o filme dende a primeira persoa, identificándose con ese pene e colocando a súa subxectividade nel. A muller aparece como un produto penetrábel despojado da súa individualidade, pois os corpos e os rostros femininos que se mostran coinciden cunhas pautas de similitude, como un obxecto intercambiábel (del Barrio-Garrosa, 2015)²¹.

Mackinnon (1987) tamén cuestiona a representación das mulleres dentro do porno:

Deshumanizadas, como obxectos sexuais, como cousas ou produtos de consumo; gozando da dor, da vexación, ou da violación; atadas, cortadas, mutiladas, feridas ou lastimadas fisicamente; en posturas de submisión sexual, de servilismo ou exhibición; reducidas ás partes do seu corpo, penetradas por obxectos ou animais, ou presentadas en escenario de degradación, de violencia, ou tortura; mostrándoas como seres sucios ou inferiores; sangrando, lastimadas, ou feridas, nun contexto que aporte connotacións sexuais a estas circunstancias (Mackinnon, 1987: 176).

Esta representación pode influenciar na maneira de percibir a realidade sexual e social dos consumidores, maiormente no caso da mocidade. Ao igual que pode condicionar os seus desexos, os roles que a masculinidade e a feminidade deben cumprir e a crenza da fantasía como realidade e de certos tabús (menstruación, pelo feminino, pene flácido). Este poder que adquire o porno relaciónase co efecto sobre as novas xeracións e a súa concepción da sexualidade. No estudo de Barrio e Garrosa (2015) noméase un traballo de Dines (2010) no que a idade media de acercamento ao porno son os 11 anos, un período no que as nenas aínda non teñen estruturada a súa sexualidade e na que xa reciben información gráfica sobre ela, acontecemento que convirte a pornografía en educación sexual.

Ao igual que inflúe na construción do novo guión sexual, a industria do porno tamén determina a concepción do consentimento na sociedade, neste caso un concepto ausente na narrativa pornográfica *mainstream*. Por iso é interesante dar a coñecer o acto de consentir e a diversidade de circunstancias baixo as cales se desenvolve dentro deste ámbito. Popova (2021) afirma que a pornografía pode aportar positivamente un

²¹ Consultar a obra de Ana de Miguel (2015). “La pornografía como modelo de sexualidad”. *Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección*, 142-147. Cátedra.

achegamento á cuestión de vontade a través da creación dun espazo no que se desafíen as ideas dominantes sobre o sexo e o seu “correcto” funcionamento.

A pornografía ten unha gran importancia a dimensión material e a dimensión simbólica que se forman: “o porno contribúe á creación dunha nova cultura emocional, en expresión de Eva Illouz, arredor da mercantilización das emocións sexuais e de poder” (Cobo, 2020: 16). Ademais, o imaxinario pornográfico segundo Cobo “é un discurso de odio e unha proposta de destrución do feminino” (2020: 109). Polo tanto, o porno é un elemento que reforza o poder sobre as mulleres en contraposición co aumento de liberdades e dereitos, a través dun desprazamento dende o imaxinario sexual ao imaxinario pornográfico e mediante a hipersexualización do corpo feminino (Cobo, 2020).

Tamén destaca dentro do poder de representación a importancia da linguaxe da escena, porque este plano ficticio conéctase coa realidade a través da mensaxe pornográfica no proceso de acto de fala. Michela Marzano relata na súa obra:

Crer que escenas como as que reproducen a dialéctica nazi/xudeu ou amo/escravo... non ten influencia sobre a realidade significa non comprender algo fundamental: facer parodia dunha institución calquera significa permitir que o nazismo non desapareza, xa que a linguaxe e os seus códigos aínda poden ser empregados (Marzano, 2006: 244).

Así pois, a pornografía alimenta o discurso actual que percorre as profundidades da pornutopia²² e do desexo, no que antes era un perigo para a civilización segundo Kant, agora “toda persoa é desexada por aquel a quen desexa” (Bauer, 2019: 21). Este novo mundo do porno da man do capitalismo e do neoliberalismo insta a ver ao resto da humanidade como simples medios para un fin.

Para lograr estes efectos, o porno ten o poder da linguaxe e a súa influencia nos ouvintes. Sobre isto, Bauer (2019) realiza unha análise a partir dos estudos de Austin e Langton sobre a idea que determina a pornografía como un acto de fala, que ten a capacidade de subordinar e silenciar as mulleres cun proceso de discriminación sexual. O argumento que defende esta postura apóiase en dous principios, o da autoridade do porno para conseguir este efecto a nivel social e a categoría de forma de expresión/fala que asume. Baixo esta idea, podería existir unha forza ilocutiva e perlocutiva na pornografía.

²² “Na pornutopía, a autonomía maniféstase como a capacidade de explorar e actuar en virtude dos desexos sexuais no momento e da maneira que un queira, todo o que se require para respectar a humanidade propiave a dos demais é satisfacer a espontaneidade sexual” (Bauer, 2019: 22).

Esta argumentación técese en Langton coa idea da profecía autocumprida (*selffulfilling prophecy*), nunhas circunstancias adecuadas a clasificación que o porno fai das mulleres como inferiores aos homes e como obxectos sexuais podería ser precisamente o que fai que rematen por ser subordinadas a eles: “A pornografía pode verse como a forma ilocutiva da subordinación” (Langton, 1993: 313). Estas circunstancias redúceas en tres puntos: a autoridade²³, que os receptores consideren o emisor como unha figura de poder e que estas persoas con esta atribución de liderazgo asuman as súas ideas e a súa imaxe do mundo. Tamén Austin afirma que cando unha persoa con autoridade emprega un acto de fala exercitativo nas circunstancias correctas, esta ten o poder de facer realidade o contido do xuízo do emisor (Bauer, 2019).

Outro efecto que deriva do poder da linguaxe é a forza ilocutiva do porno no silenciamento das mulleres, que non só lexitima a violencia senón tamén pode privalas das condicións que deben existir para que a súa voz se escoite. Bauer (2019) destaca esta incapacitación ilocutiva que se refire a unha persoa que pode pronunciar as súas palabras pero que non pode expresar o que desexa ao pronuncialas. Por exemplo, no caso de dicir “non”: “unha muller que desexa repeler os avances sexuais dun home di “non!”, mais debido a que a pornografía fixo que os homes escoiten este “non” como un “si”, a súa negativa non é eficaz” (Bauer, 2019: 107).

Bauer (2019) tamén afirma que a pornografía pode facer sentir intimidadas ás mulleres ao pronunciar as palabras que queren dicir, de maneira que o xogo comunicativo non se centra no nivel locutivo xa, senón nas ilocucións, no obxectivo do acto de fala. Este fenómeno en Austin (1962) denomínase como a imposibilidade de certas expresións femininas de obter “captación”.

Alén do anterior, a autora fai unha análise, tendo en conta o estudo de Langton e West (1999), do proceso non verbal mediante o cal o porno produce este entendemento sobre o acto de fala da muller, xa que esta industria non expresa verbalmente que o “non” en realidade non significa un rexeitamento sexual. a partir deste estudo destaca o concepto de presuposición co que xoga a pornografía sen empregar a palabra verbal e si a visual, mediante escenarios nos que se pode observar unha clara violencia sexual “consentida” e

²³ A autoridade outorgada polo receptor a través da súa aceptación da mensaxe e a súa lexitimación, causado polo contexto cultural e os seus prexuízos (misóxino, racista, homófobo e capacitista) e pola capacidade da pornografía en xogar coas sensibilidades humanas, os seus desexos, as súas necesidades e a satisfacción destes (Bauer, 2019: 112-119). Tamén hai que ter en conta o estudo de Ishani Maitra, *Subordinating Speech*.

gozada por ambas partes. Neste punto intercede a pragmática do discurso, a interpretación dos diversos significados que permite xogar con esta multiplicidade semántica da mensaxe onde cobran especial relevancia certos trazos que non se din mais que son percibidos (Bauer, 2019).

Na obra de Bauer (2019) tamén se nomea a David Lewis, quen afirma que a conversa adoita regularse por unha “regra de acomodo”, un proceso que permite que unha presuposición se presente de maneira tácita. A través desta imaxe pode entenderse como a fala pornográfica implicitamente coloca as regras dos xogos do sexo coa introdución de presuposicións, que polo seu carácter tácito permiten unha maior permisión na súa mensaxe e un menor cuestionamento²⁴.

Este aspecto do acto de fala pode relacionarse coa cuestión da ausencia de diálogo e de comunicación verbal como factores que aumentan o valor interpretativo da escena e do consentimento. Así pois, que ocorre co silencio como resposta? É importante resaltar a imaxe da non equivalencia do silencio pola afirmación²⁵. Segundo Bauer (2019), o que obriga á muller a dispoñer do silencio é a espectacular incapacidade do home para recoñecer algo que é absolutamente claro e obvio nun novo contexto, no que o erro perlocutivo e ilocutivo se da baixo as intencións do home que xa non trata a muller como unha persoa.

Por último, é preciso aplicar estes efectos da pornografía nas novas tecnoloxías (TICS e IA) e nas redes sociais (Tik Tok, Instagram, WhatsApp, X (Twitter) e OnlyFans), xa que actualmente nestas plataformas obsérvanse contidos de carácter sexual de maneira máis ou menos explícita. Este é un ámbito que pode presentar un dobre efecto contradictorio: (1) permite a canonización da realidade, un feito que pode desembocar na xeralización dun discurso particular en común, que no caso da sexualidade pode provocar a asimilación social duns guións sexuais concretos; e (2) simultaneamente facilita a visibilización das realidades plurais que existen no mundo e a diversidade de discurso que combate estas pautas preconcebidas.

²⁴ Esta análise sobre a pornografía como un tipo de forma de expresión debe completarse co caso da natureza de fotografías e películas pornográficas, xa que aquí só se estudan as palabras. Para isto serán necesarios os estudos de Cavell e Linda Williams (Bauer, 2019: 122-124).

²⁵ Clara Serra (2024) destaca que existe unha diferenza substancial entre dicir que un silencio non debe servir aos homes para presupoñer a dispoñibilidade sexual dunha muller e afirmar á marxe de todo contexto que significa sempre unha negativa. Consúltese o capítulo “O que cala consinte?” (Clotilde Leguil, 2023: 55-57).

Así e con todo, este novo lugar de encontro social permite unha maior difusión de contido nun contexto internacional. A raíz de varios estudos pode observarse como as problemáticas da nosa sociedade comezan a tomar forma sobre estes medios, como por exemplo o acoso de menores²⁶. Estas redes están conectadas directamente co contido sexual mediante certos perfís, tanto de IA como de persoas reais que redirixen ao receptor mediante un link na súa biografía. A pornografía actualmente aparece na maioría de ámbitos: videoxogos, aplicacións, páxinas web... Por isto é relevante establecer unha regulación en tanto do contido como do perfil de receptor que remata nestes espazos, pois a súa recepción na infancia e na adolescencia cada vez é maior²⁷.

Sobre este efecto no receptor, no prólogo de Ana Valero (2022), Érika Lust trata a ausencia da consciencia do consumidor ao respecto do porno que consume habitualmente: “a pornografía é un discurso político que, polo tanto, é parte da nosa cultura e, como tal, afecta ás percepcións dos espectadores sobre como debería ser a sexualidade e as relacións humanas” (Valero, 2022: 13). Este escenario mesturado co estado de construción no que se atopan as novas xeracións pode determinar o futuro discurso que asuman e promovan na súa sexualidade.

Segundo Cobo (2020), a pornografía suscita emocións concretas no espectador que a consume. Isto pode ser un proceso de construción do desexo, co cal é moi importante coñecer as implicación daquilo que se está erotizando. Este cambio precisa dun apoio na educación, de maneira que non só se transformaría o discurso normalizador da violencia na pornografía, senón que a demanda deste contido sería menor ao existir un desexo diferente mediante unha consciencia activa.

Finalmente, pódese observar como a pornografía é unha industria que produce o seu propio discurso da violencia sexual sobre as mulleres e que mediante a súa representación do sexo promove unha desvalorización do consentimento. Concretamente, o porno ten efectos sobre a linguaxe, que poden producir o silenciamento e a submisión femininas a través do fenómeno da interpretación a da expresión non verbal; no proceso de (auto)obxectualización feminina; sobre a relación que existe entre o consumo de contido sexual *hardcore* e a tolerancia destas prácticas na sexualidade do suxeito; na

²⁶ Consúltese “Capítulo cuarto: pornografía y daño a la juventud y a la infancia” (Valero, 2022: 155-190) e o artigo “La IA plantea nuevos escenarios delictivos de abuso sexual infantil”: <https://www.nytimes.com/es/2024/02/01/espanol/inteligencia-artificial-abuso-infantil.html>

²⁷ Consúltese “Niñas y adolescentes en la pornografía” (Rosa Cobo, 2020: 191).

normalización da violencia dentro do eido sexual; na evolución destes parámetros do imaxinario sexual e pornográfico cara as novas plataformas tecnolóxicas como as redes sociais; e sobre as novas xeracións e a mocidade, feito que determina os futuros guións sexuais.

4. Conclusións

O obxectivo do traballo era analizar o valor do consentimento na pornografía e os seus efectos sobre a sociedade actual, polo que se fixo un estudo do concepto de consentimento a través da teoría de Fraisse (2012). Isto determinou que o consentimento non é un principio político que poida ser aplicado en toda a súa extensión, debido á súa complexidade e ao contexto no que se desenvolve, da dominación masculina e das relacións de forzas que limitan a liberdade do suxeito feminino.

Aínda así, a través do estudo de Clara Serra (2024) e da proposta de Kukla (2023) móstrase como, alén da súa problemática, é posíbel a aplicación do consentimento neste marco de liberdade condicionada a través da axencia parcial. Tamén, se observou que o consentimento é un termo necesario para poder distinguir a submisión da liberdade, senón ambas ideas serían equivalentes e non podería desenvolverse a autonomía do suxeito e os actos non consentidos e de violencia poderían converterse en normalidade.

Despois desta conclusión sobre o consentimento, a aplicación deste principio político na pornografía ten diferentes esferas que determinan se é un acto consensual ou non: a participación, a gravación e a publicación. A participación refírese aos intercambios sexuais nos que interactúan os actores e actrices, a gravación é o rexistro das imaxes nun arquivo e a publicación relaciónase co acto de difundir dito material gravado. Así, a complexidade característica do consentimento adquire un novo nivel no ámbito pornográfico coas diferentes formas nas que pode aplicarse.

Alén do anterior, é importante destacar que o consentimento pode verse silenciado pola falta de diálogo na escena pornográfica. Este fenómeno pode relacionarse co xogo comunicativo que desenvolve esta industria a través do fenómeno da interpretación. Este recurso permite que a mensaxe de violencia sexual esté presente na maioría de escenas pornográficas *mainstream* a través dunha linguaxe non verbal, unha expresión tácita que permite un menor cuestionamento da mensaxe ao non explicitarse lingüisticamente. Na maioría dos casos o porno *mainstream* direcciona a violencia cara a figura feminina e esta representación, alén de ser unha recreación ficticia, crea un discurso e comunica a normalización dun alto grao de violencia sobre as mulleres dentro da sexualidade.

Desta maneira, a lexitimidade do porno e do consentimento dentro desta industria apóiase no discurso da liberdade de expresión e de elección (de Miguel, 2015), dentro do contexto do neoliberalismo, do capitalismo e da hipersexualización. A actual lexitimidade da

pornografía tamén se apoia na negación do porno como un acto de fala, unha categoría que lle permitiría ter un efecto sobre a sociedade a través do seu discurso. Mais, este argumento non atopa consistencia tras analizar o estudo de Bauer (2019), xa que afirma que existe unha forza ilocutiva e perlocutiva dentro do porno que repercute na comunicación real entre homes e mulleres.

Neste punto, a pregunta é se a liberdade de expresión se está convertendo no argumento que permite a capitalización de calquera elemento ou se a moralidade intenta controlar a sexualidade. Esta dicotomía mostra o cambio na ideoloxía social, dunha represión do desexo cara o novo discurso arredor da pornografía do goce.

En adición, a representación do consentimento na pornografía mostra unha desvalorización do acto de consentir e da vontade e do desexo do suxeito feminino. Tamén se poden observar diferentes efectos sobre a sociedade, como a (auto)obsectualización feminina; a influencia nos guións sexuais e no consumidor e a conceptualización do sexo; a relación que existe entre o consumo de contido sexual *harcare* e a tolerancia e excitación da violencia no sexo; o silenciamento e a submisión das mulleres mediante o poder do discurso e do acto de fala, a través do xogo de interpretación e da linguaxe non verbal; nas novas xeracións e a súa percepción sexual, convertíndose no principal medio de educación sexo-afectiva, e na normalización da violencia sexual sobre a muller, como un feito desexado e excitante.

Esta análise permite observar como a pornografía si ten un poder sobre a sociedade e por isto é preciso regular os contidos, descartando todo material non consensual, sexa na gravación, na participación ou na publicación. Sobre todo en relación coas máis novas, xa para elas discernir entre a ficción e a realidade é máis difícil, debido ao estado de desenvolvemento da súa sexualidade sitúanse en plena construción e nun momento chave no que a influencia externa é maior sobre o seu discurso.

Polo tanto, este proceso debe levarse a cabo paralelamente cunha educación sexo-afectiva que explique e alimente todas as dúbidas e que recolla a diversidade que caracteriza ao sexo. Estas accións permitirán a transformación da cultura da violación nunha cultura do consentimento. É importante salientar que non se pode combater a través do discurso da represión, da socialización no perigo e do sistema penal, pois a sexualidade tamén é un

terreo de pracer e exploración²⁸ e esta opción debe ser o último recurso como sistema transformador.

Como futuras propostas, sería interesante realizar un estudo sobre a evolución da pornografía e dos seus efectos na sociedade a través da recollida de datos cuantitativos e cualitativos con enquisas e entrevistas. Este proxecto tamén permitiría facer unha análise comparativa entre xeracións e a súa concepción sobre o sexo e o consentimento. Ademais, tamén se podería relacionar o valor do consentimento na pornografía co doutros ámbitos como o cine.

²⁸ Tema presente no estudo de Carole S. Vance (1989). “El placer y el peligro: hacia una política de la sexualidad”. *Placer y peligro. Explorando la sexualidad femenina*. 9-49.

Referencias bibliográficas

- Alario, Mónica (2019). “La reproducción de la violencia sexual: un análisis de la masculinidad hegemónica y la pornografía”. *Investigación joven con perspectiva de género IV*, 55-66.
- Álvarez, Silvina (2023). La sexualidad y el concepto de consentimiento sexual. *Doxa. Cuadernos de Filosofía del Derecho*, (47), 349-380. <https://doi.org/10.14198/DOXA2023.47.13>
- Arendt, Hanna (1972). *Crisis de la República*. Taurus.
- Austin, J. L. (1962). *Cómo hacer cosas con palabras*. Barcelona: Paidós.
- Ballester, L., Orte, Carmen, - Pozo, Rosario (2019). Nueva pornografía y cambios en las relaciones interpersonales de adolescentes y jóvenes. *Vulnerabilidad y resistencia: Experiencias investigadoras en comercio sexual y prostitución*, 249-284.
- del Barrio, Elena (2014). Pornografía y educación sexual: ¿libertad de expresión? o ¿prisión de géneros?. Análisis de la pornografía mainstreaming. In *Libro de Actas del II Congreso Internacional de Comunicación y Género (pp. 108-119)*. Dykinson.
- del Barrio, Elena - Garrosa, Eva (2015). ¿Educando en igualdad? Análisis de la triada pornografía-discriminación-violencia. Femenidad y masculinidad en la pornografía convencional. *Journal of Feminist, Gender and Women Studies*, (1).
- Bauer, Nancy (2019). *Cómo hacer cosas con pornografía*. Cátedra.
- Benhabib, Seyla (1990). “El otro generalizado y el otro concreto: La controversia Kohlberg-Gilligan y la teoría feminista”. *Teoría feminista, teoría crítica*. Alfons el Magnànim.
- Benhabib, Seyla (1992). *Una revisión del debate sobre mujeres y la teoría moral*. Isegoría.
- Borillo, D. (2002). “Mettre Fin à la Morale au Profit des Libertés Sexuelles Consentantes”. *Prochoix*, (22).

- Chodorow, Nancy (1984). *El ejercicio de la maternidad*. Gedisa.
- Cobo, Rosa (2020). *Pornografía. El placer del poder*. Ediciones B.
- Debord, G. (1967). *La sociedad del espectáculo*. Pre-textos.
- Dines, Gail (2010). *Pornland: How porn has hijacked our sexuality*. Beacon Press.
- Fassin, É. - Feher, M. (2003). “Une éthique de la sexualité: harcèlement, pornographie, prostitution: entretien avec Judith Butler”. *Vacarme*, 44-51.
- Fraisse, Geniève (2012). *Del consentimiento*. Universidad Nacional Autónoma de México.
- Frazer, Nancy (1996). ”Redistribución y reconocimiento: hacia una visión integrada de justicia del género”. *Revista Internacional de Filosofía Política*, (8), 18-40.
- Gilligan, Carol (1985). *La moral y la teoría. Psicología del desarrollo femenino*. Fondo de Cultura Económica.
- González, M. (dir.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>> [Consultado: 25/07/2024]
- Iacub, Marcela (2002). *Le Crime était presque Sexuel, et autres Essais de Casuistique Juridique*. Flammarion.
- Jeffreys, Sheila (2011). *La industria de la vagina. La economía política de la comercialización global del sexo*. Paidós.
- Kukla, Quill Rebecca (2023). “Una teoría no ideal del consentimiento sexual”. *Pensando el género*, Lecturas contemporáneas, 221-247.
- Langton, Rae (1993). “Speech Acts and Unspeakable Acts”. *Philosophy and Public Affairs*, 293-330.
- Langton, Rae - West, Caroline (1999). “Scorekeeping in a pornographic language game”. *Australasian Journal of Philosophy*, 77(3), 303–319.
- Leguil, Clotilde (2023). *Ceder no es consentir*. Ned Ediciones.
- Nussbaum, Martha C. (1995). “Objectification”. *Philosophy and Public Affairs*, 24(4), 249-291.

- MacKinnon, Catharine (1987). *Feminism unmodified: Discourses on life and law*. Harvard university press.
- MacKinnon, Catharine (1995). *Hacia una teoría feminista del Estado*. Cátedra.
- Marzano, Michela (2006). *La pornografía o el agotamiento del deseo*. Manantial.
- de Miguel, Ana (2015). *Neoliberalismo sexual: El mito de la libre elección*. Cátedra.
- Millett, Kate (2017). *Política sexual*. Cátedra.
- Popova, Milena (2021). *Consentimiento sexual*. Cátedra.
- Sánchez, Paula (2022). *Crítica de la razón puta: cartografías del estigma de la prostitución*. La oveja roja.
- Sánchez, María José (2007). *Ética e infancia: el niño como sujeto moral*.
- Scott A. Anderson (2002). "Sexual Autonomy. Making sense of the prohibition of Prostitution". *Ethics*, (4), 748-780.
- Serra, Clara (2024). *El sentido de consentir*. Anagrama.
- Valcárcel, Amelia (1998). *La política de las mujeres*. Cátedra.
- Valero, Ana (2022). *La libertad de la pornografía*. Athenaica Ediciones.
- Walter, Natasha (2010). *Muñecas vivientes. El regreso del sexismo*. Turner.